

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 23 de xuño de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación da actividade dunha fábrica de tubos e accesorios de plástico, na rúa da Industria, parcela 109-110A.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a toma de razón da sentenza número 370/2009 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no recurso número 2008-291-A, en relación coa licenza de construción dunha vivenda unifamiliar, non vinculada a explotación agrícola, en Fafián-Mazoi.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para unha vez agrupadas dúas parcelas cunhas superficies de 2.583,97 m² e 2.859,36 m², resultando unha parcela total de 5.443,33 m², procédese ó seu posterior parcelamento noutras dúas parcela coas seguintes superficies: parcela A cunha superficie de 1.146,64 m², e parcela B cunha superficie de 4.296,69 m², no núcleo rural tradicional do Veral, parroquia de San Vicente do Veral; para

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 300610_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-6-2010

desvinculación de entresollado á planta baixa no local con fronte á rúa deputación e accesos a través das escaleiras do edificio no entresollado á rúa Poeta Noriega Varela e entresollado á rúa Deputación, no edificio sito na rúa Deputación, números 29-31, e rúa Poeta Noriega Varela, número 30; para rehabilitación interior de vivenda unifamiliar illada no núcleo rural tradicional de Barreiro, Santiago de Saa, número 3; para ampliación de fondo na vivenda 1º D do edificio sito na rúa Mallorca, número 20; para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar tradicional existente, sita no núcleo rural tradicional de Coeo, parroquia de San Vicente de Coeo; para modificación e ampliación do proxecto aprobado na xunta de goberno local do 29/10/08, con licenza de obras 134/2010, correspondente ó edificio sito na rúa Castelao, 50, 52 e 54; para modificacións no edificio sito na rúa Illa Coelleira, Unidade de Actuación S-2 e para obras de reforma e cambio de uso de oficinas a unha vivenda na planta primeira do edificio sito na rúa García Abad, número 1.

Acórdase a denegación de licenza para ampliación de fondo da planta sexta do edificio sito na rúa San Eufrasio, número 110.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á escola infantil “Gregorio Sanz” e da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos das tarifas de consumición correspondentes á explotación do servizo de cafetería anexa ó Centro de Convivencia Fingoi para o período comprendido entre o 4 de maio de 2010 e o 3 de maio de 2011.

Acórdase a desestimación do recurso interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación provisional na contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo, emprego activo” segunda fase.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 300610_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-6-2010

- Acórdase a aprobación inicial do incremento de tarifas de autotaxi que rexerán a partir do 1 de xullo de 2010 con motivo da modificación do tipo impositivo do IVE.
- Acórdase a aceptación da subvención e da execución de dúas actuacións subvencionadas polo Ministerio de Cultura.
- Acórdase a adxudicación provisional na contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo emprego activo” segunda fase (proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

Lugo, 30 de xuño de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García